



https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Febre periódica asociada a estomatite aftosa, farinxite e adenite cervical (PFAPA)

Versión de 2016

2. DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO

2.1 Como se diagnostica?

Non existen análises clínicas ou procedementos de obtención de imaxes específicas para diagnosticar a síndrome PFAPA. A enfermidade diagnosticarase baseándose na combinación da exploración física e análises clínicas. Antes de confirmar o diagnóstico, é necesario excluír todas as demais enfermidades que se presenten con síntomas similares.

2.2 Que tipo de probas analíticas se necesitan?

Os valores das probas como os niveis en sangue de velocidade de sedimentación globular (VSG) ou de proteína C reactiva (CRP) elévanse durante os ataques.

2.3 Pode tratarse ou curarse?

Non existe un tratamento específico para curar a síndrome PFAPA. O propósito do tratamento é controlar os síntomas que se desenvolven durante os episodios de febre. Nunha gran proporción dos casos, os síntomas atenuaranse co tempo ou desaparecerán de forma espontánea.

2.4 Cales son os tratamentos?

Os analxésicos e antiinflamatorios habituais, poden proporcionar certo alivio, pero polo xeral os síntomas non remiten completamente. Demostrouse que se se administra unha soa dose de prednisona cando aparecen os síntomas por primeira vez, acúrtase a duración dun ataque. Con todo, o intervalo entre episodios pode tamén reducirse con este tratamento e o próximo episodio febril pode reaparecer máis pronto do esperado. Nalgúns pacientes pode considerarse conveniente realizar unha amigdalectomía, especialmente cando a calidade de vida do neno e da súa familia se ve afectada de forma significativa

2.5 Cal é o prognóstico (evolución e desenlace previstos) da enfermidade?

A enfermidade pode durar uns poucos anos. Nalgúns pacientes, alongaranse os intervalos entre ataques febrís e os síntomas resolveranse de forma espontánea.

2.6 É posible recuperarse completamente?

A longo prazo, a síndrome PFAPA desaparecerá espontaneamente ou tornarase menos grave, normalmente antes da idade adulta. Os pacientes con síndrome PFAPA non desenvolven danos. Esta enfermidade non adoita afectar o crecemento e desenvolvemento dos nenos.